



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Historia da arte e os bens culturais I

Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Formación básica	Curso: 1º	Anual	7 ECTS
------------------	-----------	-------	--------

Teórica

Profesor: Emma Pérez Teijeiro

epteijeiro@edu.xunta.gal

Horario: 3 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Introdución á teoría e historiografía da arte e dos bens culturais. Desenvolvemento da historia da arte e dos bens culturais dende os orixes ata finais da idade media, dividida en dous cuatrimestres: prehistoria e antigüidade, no primeiro cuatrimestre, tardoantigüidade e idade media, no segundo cuatrimestre. Trataranse os principais movementos artísticos ata a idade media.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer as principais manifestacións da arte e da cultura material dos distintos pobos, culturas ou civilizacións, dende as súas orixes ata finais da Idade Media.

Acadar a capacidade de identificar e analizar as características básicas das obras estudadas e clasificalas no seu contexto histórico, estilístico e tipolóxico.

Coñecer as distintas linguaxes, técnicas e procedementos da produción artística e material dende a prehistoria ata finais da Idade Media. Adquirir a terminoloxía axeitada correspondente.

Comprensión crítica da evolución dos valores históricos, estéticos e antropolóxicos en relación coa cultura material e a arte.

Coñecementos básicos de mitoloxía oriental, clásica e cristiá.

Observar a evolución do patrimonio cultural material da época estudada en relación a súa conservación.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% no total da materia
1. Conceptos básicos sobre arte e bens culturais.	1.. Conceptos básicos da materia. 2.. Teoría da arte e dos bens culturais. 3.. Metodoloxía da historia e da historia da arte. 4.. Introducción xeral, xeográfica e cronolóxica.	10%
2. Arte e bens culturais da prehistoria e da idade antiga.	2.1. Arte prehistórica. 2.2. Exipto e Mesopotamia. 2.3. Grecia. 2.4. Roma.	45%
3. Arte e bens culturais da idade media.	3.1. Arte paleocristián e bizantina. 3.2. Arte e bens culturais prerrománicos. 3.3. Arte e bens culturais do románico. 3.4. Arte e bens culturais do gótico.	45%

A porcentaxe de reparto das unidades didácticas no total da materia é aproximada e dependerá da evolución das clases e das actividades non programadas durante o curso.

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesións maxistras	45	30	75
Traballo titorizado	36	27	63
Estudos de caso, debates e outras actividades	27	10	37
Total	108	67	175



METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesións maxistras	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas: presentacións vistas na aula (<i>moodle</i>), literatura científica e titorías didácticas.
Traballo titorizado escrito	Realización dun traballo individual sobre patrimonio cultural artístico, de tema escollido polo alumnado coa orientación e ferramentas proporcionadas pola profesora.
Presentación/Exposición	Exposición oral por parte do alumnado do traballo titorizado.
Debates, estudos de casos e outras actividades	Charlas abertas a partir da lectura e comentario crítico de artigos científicos; exercicios de reflexión e propostas de intervención, de forma individual ou cooperativa; outras actividades, como visitas externas e traballos asociados a elas.
Probas escritas avaliación continua)	Dous parciais. Exames de contidos, a realizar en datas próximas ó final de cada un dos cuatrimestres.
Exame final ordinario	Exame escrito para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua (por falta de rendemento académico, por perder o dereito á mesma ou por renunciar á mesma). A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBCG.
Exame final extraordinario	Exame para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua ou o exame final ordinario. A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBCG.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
AVALIACIÓN CONTINUA		
Proba escrita (primeiro cuatrimestre)	Corrección lingüística e expresión escrita; coñecemento dos contidos; calidade das propostas; capacidade para o comentario artístico; competencias científicas; capacidades de análise e síntese.	30 %
Proba escrita (segundo cuatrimestre)	Corrección lingüística e expresión escrita; coñecemento dos contidos; calidade das propostas; capacidade para o comentario antropológico; competencias científicas; capacidades de análise e síntese.	30 %



Traballo titorizado escrito	Calidade científica; corrección escrita; presentación; capacidade para a investigación; calidade e cantidade da recolleita e do traballo de campo; capacidade de análise	10%
Presentación oral do traballo titorizado	Competencias expositivas; capacidade de síntese; desenvolvemento dos contidos e habilidades divulgativas.	10%
Outras actividades orais ou escritas	Sentido crítico e de análise, calidade nas expresións ou presentacións orais e escritas. Participación e mostras de interese pola materia.	10%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula.	Asistencia e participación	10%
AVALIACIÓN ORDINARIA PARA O ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA		
Proba escrita na convocatoria oficial		100%
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA		
Proba escrita na convocatoria oficial		100%
ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes presenciais terán lugar no horario establecido para esta finalidade.		

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA
<ul style="list-style-type: none"> • Azcárate Ristori, J. M. de; Pérez Sánchez, A. E. e Ramírez, J. A. 1995. <i>Historia del arte</i>. Barcelona, Anaya. • Honour, H. e Fleming, J. 2004. <i>Historia mundial del arte</i>. Madrid, Akal. • Ramírez, J. A. (dir.) 1996. <i>Historia del arte, I. El mundo antiguo</i>. Madrid, Alianza. • Ramírez, J. A. (dir.) 1996. <i>Historia del arte, II. La edad media</i>. Madrid, Alianza. • Gombrich, E. H. 2008. <i>La historia del arte</i>. Phaidon Press Ltd. • VV.AA. 1982: <i>Historia del Arte Gallego</i>. Madrid, Alhambra

OBSERVACIONES
<ul style="list-style-type: none"> • Usarase a plataforma Moodle para completar esta guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado que curse a avaliación continua, e moi recomendable para o resto. • A biblioteca da ESCRBCG conta con abondoso material bibliográfico específico sobre os contidos da materia.